

Literatura e cine ao volante

María Dolores Tobío Iglesias

Este artigo pretende complementar a Mostra deste ano 2015, que baixo o título *Lérez e os medios de locomoción: do carro das piñas ao aeroplano* vén de organizar como é habitual dende hai vinte e un anos a Asociación Cedofeita. Complementar a panorámica da Mostra que estivo exposta ao público en agosto, enmarcada dentro dun contexto histórico e antropológico, con outros ámbitos como o mundo literario e audiovisual, sobre todo galegos e contemporáneos. A selección de libros e películas que se achega está baixo este prisma e tematicamente relacionada coa automoción por ser o automóbil o medio que talvez, dende a súa aparición causou un maior impacto na sociedade. Os vehículos evolucionaron a pasos de xigante o que implicou a mellora das infraestruturas e o seu conseguinte desenvolvemento, o aumento da velocidade, o acurtamento das distancias entre lugares... Consecuencias todas elas que quedaron plasmadas na literatura e no cine e que presentan, como é o caso que nos ocupa, o automóbil convertido nun personaxe máis da historia

relatada, na metáfora da fuxida e do desexo de iniciar unha nova etapa na vida dos seus protagonistas.



Catro séculos separan a invención da imprenta de Gutenberg da creación do primeiro automóbil con motor de combustión en 1886, pero xa antes desta data podemos atopar precursores da literatura *on the road* nas que o camiño que emprenden os protagonistas é un percorrido sen motores, pero igualmente transformador nas súas vidas.

Os antecedentes do xénero remóntanse á *Odisea* de Homero ao relatar os pormenores da viaxe que emprende Ulises para regresar a Ítaca. Da mesma maneira o *Quixote* de Cervantes tamén se pode tipificar como precursora na medida que o seu protagonista percorre a cabalo os camiños da Península acompañado do seu escudeiro na busca dos seus ideais. Na literatura galega, xa no século IV unha muller culta, Exeria destacou por escribir un minucioso relato en latín, *Viaxe a Terra Santa*, no que reúne as cartas dirixidas ás súas irmás nas que lles conta as impresións

da súa viaxe polos lugares bíblicos. A literatura actual sábese pois, herdeira desla tradición ao rescatar elementos comúns que seguen a estar presentes no xénero, salvando as consabidas distancias temporais.

No itinerario que nos propoñemos nestas páxinas trazaremos unha rula pola literatura galega actual e viaxaremos polo tanto, en automóbil. Con respecto ás longametraxes, atravesamos a fronteira, aínda que sen saír da Península, pois moitos escritores e directores de cine botaron man deste xénero en maior ou menor medida nalgún momento da súas carreiras profesionais o que constitúe un corpus de obras moi amplo, sobre todo se miramos cara Estados Unidos.

No territorio galego atopamos referencias bibliográficas e audiovisuais que fan camiño e que fabulan sobre rodas; con traxectos que permanecen presentes na memoria colectiva. Son historias *on the road* (de estrada) que tamén posibilitan unha viaxe a outros lugares a través de roteiros talvez descoñecidos, *road stories* e *road movies* ben escritas,



ben contadas, ben dirixidas e interpretadas, que incluso poden chegar a ser divertidas e nas que non falta, xa que logo, a emoción.

Partamos pois de viaxe, poñámonos cómodos e abrochemos o cinto porque vai comezar o percorrido. Agardamos que vos guste.

NARRATIVA AO VOLANTE E SEN FREOS!

Thriller, de Fran Alonso (1991). É a primeira novela coa que se deu a coñecer o autor vigués ao resultar gañadora do XI Premio Blanco Amor sorprendendo ao xurado ao empregar varias voces narrativas e pola súa capacidade para xerar o suspense nun escenario de *road movie* cinematográfico. A trama que transcorre en tres días, xira arredor da vida dos camioneiros, representados polos tres personaxes principais, que partindo de tres destinos diferentes (Alemaña, Andalucía e Levante), intentan chegar a tempo á Gudiña onde están convidados a unha festa que congrega a todos os camioneiros galegos.

Do mesmo autor cabe sinalar tamén *A punta de pistola* (2012), un *thriller* con persecucións no asfalto e acción sobre rodas cun estilo tamén cinematográfico. Aquí son dúas as historias que se van narrando en

paralelo: a fuxida dun matrimonio despois de secuestrar os seus fillos do centro de acollida e as vivencias dunha camioneira que é admiradora de Celia Rivas, (primeira muller galega condutora dun camión no ano 1932) e que ademais escribe nun blog.

Peaxes, de Santiago Lopo (2009). É unha historia moderna, fresca e áxil que se le de corrido. Desde a cabina dun caixeiro de peaxe da autoestrada o protagonista para tratar de paliar a súa soidade, imaxina as vidas dos condutores a partir da música que sae dos seus vehículos. Son instantáneas de conversas que se acumulan e que se van encadeando para desaparecer tamén á toda velocidade.

Ambulancia, de Suso de Toro (1998). É unha novela negra formada por tres relatos encadeados con todos os ingredientes propios do xénero: acción, suspense, violencia... contextualizada en Santiago de Compostela. Conta a historia de dous delinquentes que acaban de saír da prisión que rouban un Audi, atracan unha gasolinera e malferen o empregado. Hai trasfondo social, pero sobre todo unha visión fatalista da vida: fágase o que se faga, o destino está escrito.

Do mesmo autor citar unha obra anterior *Land Rover* (1996), na que o todoterreo que dá título á novela




representa o vínculo co pasado familiar dos protagonistas que na procura dunha vida mellor deixan atrás a aldea, pero non os tópicos arraigados aos costumes e ao sangue.

POESÍA DENDE A BEIRARRÚA

A poesía tamén se fai eco das emocións e da vertixe que provoca a velocidade cando se pisa o acelerador a tope. Tres poemarios de autores galegos achegan esta temática urbana cunha linguaxe renovadora e tremendamente actual, que sorprenden o lector rompendo os clichés da poesía máis tradicional.

(Retro)visor, de Antía Otero (2010). Con este título a autora estradense simboliza ese espello interior que permite mirar o que imos deixando atrás para continuar de novo o camiño. Versos intimistas en formato de *road-movie* con alusións á película *París-Texas* de Wim Wenders.

Makinaria, de Carlos Negro (2009) xira arredor da inconsciencia da mocidade ante o risco que supón o culto á velocidade e aos coches tuneados. Publicada por Xerais dentro da colección "Fóra de xogo" está pensada e dirixida especificamente para os mozos aos



que o poeta e tamén docente, achégase con claras alusións a súa forma de falar, aos seus gustos polos videoxogos e á música de *hip-hop* e *rock and roll*.

O terceiro libro seleccionado *Ningún amante sabe conducir* (2014) é outro poemario novidoso co que a súa autora, Rosalía Fernández Rial sedúcenos ao combinar velocidade e paixón a partes iguais. Estamos de novo diante dunha *road movie* literaria que conxuga diversos xéneros para levar o lector polas autoestradas que conducen ao desexo. Son poemas de amor con carga erótica que flúen a través do accidente automobilístico como metáfora.

LONGAMETRAXES E EVASIÓN

Unha ollada ao cine rodado ou feito en Galicia permite seleccionar estes dous audiovisuais como exemplos de películas con estrutura de *road movie*: *Airbag* (1997) e *Crebinsky* (2009). Ámbolos dous son comedias disparatadas, inspiradas no cine de acción americano, pero coa orixinalidade de introducir nas súas tramas elementos autóctonos. A mestura dá lugar a situacións absurdas coas que se consegue a risa do espectador.

A primeira delas, *Airbag*, tivo un notable éxito no seu momento; dirixida por Juanma Bajo Ulloa conta con actores galegos como Manuel Manquiña no papel do lugartenente Pazos, interpretación que lle valeu ao actor unha nominación aos Goya. A historia parte da perda do anel de compromiso nunha festa de despedida de solteiro como a causa que vai desencadear unha delirante viaxe polos clubs de alterne da costa, na que non faltan as persecucións polas estradas e os disparos.

A segunda película, *Crebinsky*, dirixida polo conuñés Enrique Otero, está ambientada na Costa da Morte nos anos da Segunda Guerra Mundial. Cun reparto de actores galegos como Celso Bugallo, Miguel de Lira, Sergio Zearreta, Patricia de Lorenzo e Luis Tosar entre outros, relata a disparatada historia dos irmáns Crebinsky, que na busca da súa vaca inician unha viaxe que os levará ata as súas orixes. A película recibiu entre outros premios, o de mellor guión novel no Festival de Cine de Málaga de 2011.

En canto ás longametraxes do cine español facer referencia, tan só a outros dous títulos que marcaron toda unha época. Referímonos a *Sor Citroën* (1967) e a *Carreteras Secundarias* (1997). A primeira delas, dirixida por Pedro Masó e interpretada por Gracita Morales, ten como protagonista unha muller relixiosa

que nos anos sesenta conduce un *Dous Cabalos* polas rúas de Madrid ocasionando un sen fin de peripecias cómicas atribuídas a unha condutora novel.

O segundo audiovisual está baseado na novela homónima de Ignacio Martínez de Pisón *Carreteras Secundarias* levada ao cine por Emilio Martínez-Lázaro con Antonio Resines e Fernando Ramallo como protagonistas. A historia conta a viaxe dun fillo e o seu pai pola costa mediterránea nos anos setenta nun Citroën Tiburón, única posesión material da que dispoñen: de segunda man, de cor negra e con matrícula estranxeira. O coche, que rematarán vendendo nun Nadal, representa o elemento diverxente entre pai e fillo, pero tamén o punto de encontro entre eles.

Chegamos ao final do traxecto e apartamos o vehículo para facer unha última proposta. Nesta ocasión será en dirección contraria, sen asfalto e sen combustible, para intentar combater as présas e as urxencias e recuperar un pouco de sosego: *Manual do bo paseante*, de Raimon Juventeny (2014) traducido ao galego por Xosé Ballesteros e publicado por Faktoría K de Libros. Todo un eloxio da lentitude que nos achega á filosofía do movemento *slow* e ao pracer de camiñar disfrutando dun pasco.

